



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA PLURILINGÜE
DE AMES



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO IES PLURILINGÜE DE AMES

Curso2023/2024



PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO IES PLURILINGÜE DE AMES

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- O CENTRO: O MEDIO E A CONTORNA
- 3.- INTENCIONALIDADE, FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS.
- 4.- ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVIZOS.
- 5.- ADECUACIÓN AO CONTEXTO DO INSTITUTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.
- 6.- FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.
- 7.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.
- 8.- DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS.
- 9.- PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO E DOS DOCUMENTOS QUE DEL DEPENDEN.

1.- INTRODUCCIÓN

A reforma do ensino, concretada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/5/2006), establece tres principios fundamentais que a presiden. O primeiro recolle a esixencia de proporcionar unha educación de calidade a tódolos cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo; o segundo recolle a necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese ambicioso obxectivo; e o terceiro (que é o que inspira esta Lei) consiste nun compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea para os vindeiros anos.

No seu capítulo II, "Autonomía dos Centros", Artigo 120, punto 2, a LOMLOE establece que "Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro".

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou diferentes aspectos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No seu capítulo II "Autonomía dos centros", Artigo 120, punto 2, a LOMCE mantén que "Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro".

Esta capacidade de decisión debe articularse por medio dunha serie de documentos estruturados a partir dun marco xeral de referencia elaborado dende a propia dinámica do centro e para toda a comunidade educativa, integrando as finalidades do sistema. O marco xeral (PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO) debe definir as características singulares do centro, os obxectivos xerais e específicos do mesmo, e as cuestións relacionadas coa organización curricular e metodolóxica: Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG do 9 de agosto) e Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG do 2 de setembro de 1997), nas que se especifica que os centros disporán de autonomía para definir o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento (artigo 88 do ROC).



2.- O CENTRO, O MEDIO E A CONTORNA

O IESP de Ames está situado no núcleo de poboación de Bertamirás (Concello de Ames). O edificio orixinal foi inaugurado no ano 1996, e sometido a varias ampliacións ao longo destes anos, debido ao crecemento de poboación.

O concello de Ames, na provincia da Coruña, atópase na comarca natural de Amaía limitando cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Ten unha extensión de 94 quilómetros cadrados sobre os que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamirás e Milladoiro, que concentran máis do 60% dos 32.115 habitantes no ano 2022. As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes e contrastan coa tradicional estrutura económica e demográfica dun concello rural como o foi Ames ata os anos 1990. A partir de entón, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamirás e O Milladoiro. A expansión do fenómeno urbano fai que as características deste se mesturen coas dun medio rural de baixas densidades e usos agro-gandeiros do solo.

A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 habitantes en 1991 a máis do triplo no 2015. Nos últimos catro anos, a taxa de crecemento diminúe pero segue a manter números positivos, que o sitúan como un dos municipios galegos máis dinámicos en termos demográficos.

Polo que atinxe ao ámbito educativo, a presión do crecemento do alumnado obriga a un coñecemento profundo sobre o estado do sistema educativo coa finalidade de identificar as debilidades e necesidades, e planificar solucións.

Con respecto ao nivel académico dos pais e nais, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acadan o 50%, e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento do acceso das mulleres á educación superior nas últimas décadas. En canto a formación profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22% fronte a un 16.5%.

Así, pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte, á chegada nos últimos anos, de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galiza.

A oferta educativa municipal neste concello contempla dúas escolas infantís (O Bosque e A Madalena), dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas), unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros de educación infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño, CEIP A Mahía), un centro de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de enseñanza secundaria (IESP de Ames e IES de Milladoiro). Na actualidade está en vías de construción un segundo centro de infantil en Milladoiro.

O IESP de Ames ten adscritos o CEIP de Barouta, o CEIP A Mahía e o CEIP Agro do Muíño. No IESP de Ames impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais), FPB (modalidade "Informática de Oficina") e un Ciclo Medio de Formación Profesional Dual (modalidade "Microsistemas Informáticos e Redes").

Con respecto ao edificio do noso centro, consta das seguintes dependencias:



- Aulas en número suficiente para absorber ao alumnado actual (grazas a tres ampliacións realizadas nestes últimos anos). Contamos con dúas aulas de música, dúas de plástica, dous talleres de tecnoloxía, un salón de actos, unha sala de usos múltiples e un ximnasio.
- Sala de profesores/as situada no primeiro andar, que actualmente é escasa para albergar á totalidade de profesorado do centro.
- Sala de xuntas situada na planta baixa e que actualmente se utiliza como dependencia para realización de titorías, pois é moi pequena para ser dedicada ao seu uso orixinal.
- Departamentos, despachos e dependencias de orientación (dous para as dúas orientadoras e dúas dependencias, unha para o PT definitivo no centro e outra habilitada como espazo de mediación. Algúns dos departamentos, por necesidades do centro, funcionan tamén como aulas de desdobre.
- Dependencia axeitada para a realización dos labores de mediación entre iguais.
- Aula de pequeno tamaño ocupada pola RAOGAL
- División dun taller de tecnoloxía para albergar o necesario para desenvolver o proxecto de "Polos Creativos", que nos foi concedido no curso 2022/2023.
- Dependencias para uso do equipo directivo, secretaría e conserxería.
- Cuartos para lavandería e almacén de produtos e útiles de limpeza.
- Corredores, en xeral estreitos para a cantidade de alumnado que os usa.
- Patios, dous externos, un patio central cuberto e un amplo porche (tamén cuberto) que se utiliza como patio durante o inverno.
- Cafetería, cun numeroso grupo de usuarios (alumnado, profesorado e familias que visitan o centro para algunha xestión e/ou titorías).
- Servizos, en tódalas plantas. Diferenciados os de homes, mulleres, adaptados e de uso exclusivo de persoal docente e de administración e servizos.
- Portas de acceso, dúas frontais, dúas laterais e unha que leva directamente a un anexo construído como ampliación hai uns anos. Outra exterior dá acceso directo ao ximnasio.
- Alarmas, que se activan nos períodos non lectivos para velar pola seguridade do edificio e do seu contido.

Respecto á dotación, material didáctico e mobiliario, podemos destacar:

- Mobiliario; que periodicamente se vai renovando con dotación da Consellería de Educación para substituír o deteriorado polo uso.
- Calefacción, que, aínda que funciona con normalidade, non se nota o suficiente, pois o edificio necesita unha obra encamiñada a conseguir un completo illamento térmico (renovación da envolvente térmica do mesmo).
- Iluminación, suficiente na maioría das aulas, pero tamén se debe abordar a substitución da convencional por luminarias de baixo consumo.
- Material didáctico, con dotación nas aulas de tecnoloxía, informática, música e educación física, que se vai renovando tódolos cursos con fondos provenientes de diferentes proxectos premiados obtidos polo centro.
- Material de laboratorio, con equipos que, en moitos casos, están obsoletos; e que imos renovando con fondos da Consellería e/ou partidas finalistas.
- Biblioteca e videoteca. O número de volumes cos que conta a biblioteca xa é considerable e está en continuo aumento pola incorporación das adquisicións, cada curso, para o PLAMBE, o Club de lectura e as propostas dos departamentos. Existe un servizo de préstamo de libros. Hai tamén unha videoteca que dispón dunha ampla variedade de títulos.

O centro non conta cunha persoa que atenda a biblioteca en exclusividade, pero contamos cun profesor responsable da mesma que ten unha redución de horario para esta función e para o desenvolvemento do Plan Lector e dos Clubs de lectura.

Esta dependencia está aberta nos recreos para atender as demandas de préstamo do noso alumnado.



É importante o avance do proceso de informatización da xestión da biblioteca para incrementar a operatividade da mesma.

O centro participa no PLAMBE dende hai 14 anos, e pretendemos seguir na mesma liña de traballo.

- Material informático: Contamos con dúas aulas grandes de informática, unha delas adaptada e actualizada no 2023 para impartir un ciclo de grao medio de FP Dual, e dúas máis pequenas adicadas á docencia de 1º e 2º de FPB ("Informática de oficina") ademais o resto das aulas, SUM, biblioteca, talleres e laboratorios están dotados con Kits dixitais: ordenadores, portátiles, proxectores e pantallas dixitais.

- A totalidade do alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO conta con ordenador persoal grazas ao programa "E-dixgal".

- Tamén contamos con algúns ordenadores de préstamo para casos de necesidade en aqueles alumnos/as que poidan ter problemas de conectividade nos seus fogares.

Respecto ós elementos persoais, diferenciamos:

- O cupo de profesorado é de 75 persoas, ó que temos que sumar un profesor de relixión, dúas persoas de pedagogía terapéutica e un/unha auxiliar de conversa en inglés do programa "Full-Bridges".

Analizando os datos estatísticos, a idade media é de 44 anos (sendo o persoal definitivo o de maior idade, pero contamos cun número significativo de persoal provisional novo, acollido a programas de concilia).

O equipo directivo está formado por unha directora, unha vicedirectora, un secretario e unha xefa de estudos.

Como órganos colexiados este centro conta con claustro, consello escolar, comisión de coordinación pedagóxica, xuntas de delegados/as, xuntas de avaliación e departamentos didácticos (presididos polo correspondente xefe/a de departamento, que é o seu representante na CCP).

O alumnado oscila entre 750 e 806 persoas nos tres últimos anos (todo en horario diúrno).

A distribución do mesmo na actualidade é :

- 7 grupos de 1º de ESO.
- 7 grupos de 2º de ESO
- 6 grupos de 3º de ESO (un deles PDC).
- 5 grupos de 4º de ESO (un deles PDC).
- 4 grupos de 1º de bacharelato.
- 3 grupo de 2º de bacharelato.
- 2 grupos de FPB (1º e 2º de FPB "Informática de oficina").
- 1 grupo de 1º curso de Ciclo de grao medio de FP Dual "Sistemas microinformáticos e redes"

Existe un significativo número de alumnado que se acolle en 1º e 2º de ESO á exención de francés, por diferentes necesidades educativas. Tamén contamos cun elevado número de adaptacións curriculares.

Contamos cunha taxa de alumnado repetidor relativamente baixa.

A procedencia do alumnado, en xeral, é moi diversa. Contamos cun significado número de alumnado inmigrante e minorías étnicas; e respecto ás familias, desde un nivel económico e cultural medio e medio alto, nivel económico e cultural baixo.



Debido, entre outros factores, a esta enorme diversidade, contamos cun centro altamente tolerante, onde predomina a integración e o compañeirismo; e onde a taxa de conflictividade é baixa.

Como persoal non docente contamos con dúas administrativas, dous subalternos e catro persoas de persoal de limpeza.

Existe unha ANPA que ven funcionando desde hai varios anos, cunha filiación media, que colabora co centro en diferentes actividades.

3.- INTENCIONALIDADE, FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS.

3a.- ÁMBITO INSTITUCIONAL:

3a.1.- Intencionalidade

Entendemos que a finalidade primordial da educación debe estar orientada a lograr o desenvolvemento da personalidade do alumnado e da súa preparación para afrontar a vida futura. Por isto será necesario potenciar o traballo no ámbito cognitivo, o respecto aos dereitos e liberdades básicas recoñecidas pola Constitución (tolerancia e liberdade en democracia) e a adquisición por parte do alumnado dos hábitos intelectuais e técnicas de traballo que os capaciten para o desempeño da súa futura actividade profesional.

A avaliación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, do propio centro e dos elementos do sistema, será o mecanismo habitual que permita a recondución dos obxectivos propostos. A preparación que leven do centro debe tratarse que sexa o máis completa posible. Ten que ser unha marca de identidade e unha porta aberta a posteriores obxectivos na vida académica e laboral.

3a.2.- Obxectivos

- Diseñar e poñer en práctica modelos de avaliación educativa que contemplan tanto cualificación de coñecementos como actitudes.
- Mellorar a coordinación docente con horarios que faciliten as reunións periódicas.
- Definir criterios de calidade docente para facilitar a autoavaliación do profesorado e mellorar así a calidade do ensino.
- Trasmitir unha imaxe positiva do noso centro de ensino cara á sociedade.
- Manter unha boa relación e colaboración co resto das institucións para beneficio da comunidade educativa.
- Requirit os medios materiais e humanos necesarios para unha correcta consecución dos obxectivos curriculares.

3b.- ÁMBITO DOS VALORES :

3b.1.- Intencionalidade.

A formación básica deberá estar orientada cara o logro e potenciación dunha convivencia en paz, cooperativa e solidaria. Para iso será imprescindible orientar a educación no marco da participación, a cooperación, a solidariedade e a responsabilidade, xunto coa concienciación no espírito crítico e creativo, o rexeitamento de calquera tipo de discriminación, e o respecto á diversidade e ao medio ambiente.

Prestarase especial atención á defensa, a través da educación, da igualdade de dereitos entre mulleres e homes como unha necesidade esencial nunha sociedade democrática en cumprimento do disposto na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo (DOG n.º 149 do 3/08/2004), para a igualdade entre mulleres e homes.

A cooperación de pais, profesorado e orientación educativa, terá como finalidade básica a formación personalizada e integral do alumnado.

3b.2.- Obxectivos.

- Facilitar a libre expresión do alumnado, sempre con respecto aos demais.
- Organizar a práctica docente de modo que estimule a diversidade no pensamento.



- Potenciar a acción titorial como medio de favorecer no alumnado actitudes de participación e responsabilidade.
- Definir explicitamente nas actividades curriculares e extracurriculares os valores de respecto á diversidade e ao medio ambiente.
- Informar á comunidade educativa de tódolos temas que lles sexan de interese.
- Reforzar os hábitos de saúde.

3c.- ÁMBITO DO ENSINO-APRENDIZAXE.

3c.1.- Intencionalidade

Como centro que imparte ensinanzas de ESO, Bacharelato e FPB, debemos proporcionar ao alumnado unha preparación especializada (axeitada en cada un dos niveis) para a súa incorporación a estudos posteriores ou á vida laboral.

Polo tanto, o alumnado debe desenvolver capacidades básicas e necesarias en relación co dominio lingüístico en galego e castelán, bo nivel nas linguas estranxeiras elixidas, capacidade de análise e crítica, comprensión dos elementos fundamentais da investigación e do método científico, dominio dos coñecementos científicos e das habilidades básicas da modalidade elixida, coñecemento do medio social, natural, cultural e político no que se moven, e usalo como instrumento de formación.

3c.2.- Obxectivos xerais

- Promover, como comunidade educativa, a mellora no nivel de formación dos docentes nos campos científico, disciplinar e didáctico.
- Diseñar e utilizar estratexias que faciliten a aprendizaxe do alumnado.
- Elaborar proxectos curriculares que faciliten a relación do alumnado coa realidade á que pertence, na que a teoría e a práctica deberán estar relacionadas para poder alcanzar un equilibrio.
- Diseñar proxectos curriculares que teñan en conta a tipoloxía do centro, e a dispoñibilidade material e persoal do mesmo.
- Fomentar, a través da docencia e da avaliación, o traballo e o estudo con planificación diaria do mesmo.
- Aplicar unha metodoloxía que fomente a participación do alumnado.
- Promover e esixir unha correcta expresión oral e escrita.
- Diseñar todas as actividades interdisciplinares posibles, que fomenten a relación entre o profesorado de diferentes materias, como a do alumnado de diferentes niveis.
- Ser capaces de artellar criterios efectivos á hora de agrupar ao alumnado dentro da aula.

3d.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NO ÁMBITO LINGÜÍSTICO.

Todo centro educativo, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, e dentro do marco vixente deberá adecuar e concretar os obxectivos xerais ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado, que se reflectirán de maneira pormenorizada no Proxecto Lingüístico do centro.

Os centros de ensino son un sector fundamental para a implantación dos hábitos lingüísticos co obxectivo de reforzar a dimensión comunicativa da lingua que se debe normalizar, polo que, dentro do marco lexislativo da Comunidade Autónoma, da administración educativa, e no exercicio da autonomía pedagóxica outorgada ao centro, deseñará un Plan Lingüístico do centro, no que consten os seguintes apartados:

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento.

- As medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, coa fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización e na LOMLOE, no que afecta ao fomento do plurilingüismo.

- Medidas adoptadas para acadar as competencias básicas en todo o alumnado.

- Medidas para fomentar o uso da lingua galega, tendo en conta os obxectivos de normalización lingüística no corpo legal da Comunidade Autónoma.

Segundo o que dispón o Decreto 133/2007 propiciárase unha proposta didáctica integradora das diferentes linguas do centro para asegurar a transferencia de saberes entre elas, e acadar os obxectivos da Normalización Lingüística.

Respectaranse os principios a partir do que se elabora o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que son os seguintes:

- Garantía da adquisición dunha competencia de igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

- Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.

Adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras, nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.

Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.

Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

4.- ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVIZOS

4.a.- OPTATIVIDADE

4. a .1.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No curso 2023-24 completase a implantación da LOMLOE.

PRIMEIRO CURSO (LOMLOE)

Neste curso, a materia de Educación Física é impartida en lingua inglesa.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : relixión católica ou proxecto competencial; segunda lingua estranxeira francés ou reforzo educativo (esta última para alumnado con necesidades específicas). Aparece a materia de "tecnoloxía e dixitalización", e dúas horas de afondamento (unha de matemáticas e outra de lingua e literatura galega).

SEGUNDO CURSO

A materia de Educación física impártese en inglés (posto que sendo centro plurilingüe se imparte neste idioma unha materia en cada nivel).

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : Relixión católica ou Proxecto competencial; Segunda lingua estranxeira francés ou Reforzo educativo (esta última para alumnado con necesidades específicas).

TERCEIRO CURSO

As materias de "Física e química" e "Bioloxía e xeoloxía" serán impartidas en inglés.

Ofértanse "Matemáticas orientadas as ensinanzas académicas" e "Matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas" (a súa impartición dependerá de se se alcanza o grupo mínimo de alumnado para formar grupo).

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : relixión católica ou proxecto competencial. Incorporase a materia de "Educación en valores cívicos".

Como optativas autonómicas temos "Cultura clásica", "2ª Lingua (francés)", "Educación dixital", "oratoria" e Cultura financeira.

CUARTO CURSO

A materia de Xeografía e historia será impartida en inglés.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes : Relixión católica ou Proxecto competencial.

Como optativas autonómicas ofértanse: "Filosofía", "Cultura clásica", "Intelixencia artificial para a sociedade" e "Oratoria".

4. a .2.- BACHARELATO

No IES Plurilingüe de Ames impártese as modalidades:

- Ciencia e tecnoloxía.

- Humanidades e Ciencias Sociais (nesta modalidade o alumnado poderá optar por dous itinerarios: o de Humanidades e o de Ciencias Sociais).

O Bacharelato abrangue dous cursos: As ensinanzas estrutúranse en materias comúns, obrigatorias da modalidade, optativas e de libre disposición do Centro.

4. a .3.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE INFORMÁTICA DE OFICINA

Estrutúrase en dous cursos cos módulos correspondentes.

4. a .4.- CICLO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES .

Estrutúrase en dous cursos cos módulos correspondentes e en colaboración con empresas deste ámbito profesional.

Este curso comeza a impartirse por primeira vez este ciclo co primeiro curso.

4.b.- DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS

4.b.1.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Os seguintes cadros reflicten as áreas e materias que se imparten na Educación Secundaria Obrigatoria:

1º ESO	
Lingua Galega e Literatura	Escolle unha:
Lingua Castelá e Literatura	
1ª Lingua Estranxeira – Inglés	<input type="checkbox"/> Relixión
Matemáticas	<input type="checkbox"/> Proxecto Competencial
Xeografía e Historia	(traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)
Educación Física (inglés)	Só no caso de necesidades educativas e de ser proposto/a polo centro:
Bioloxía e Xeoloxía	
2ª Lingua Estranxeira - Francés	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Acepta a exención da 2ª Lingua Estranxeira?
Tecnoloxía e Dixitalización	SI <input type="checkbox"/>
Titoría	NON <input type="checkbox"/>
Reforzo de matemáticas	
Reforzo de lingua galega e literatura	
	Asinado: _____

2º ESO	Escolle unha: <input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)
Lingua Galega e Literatura	
Lingua Castelá e Literatura	
1ª Lingua Estranxeira – Inglés	
2ª Lingua Estranxeira - Francés	
Xeografía e Historia	
Matemáticas	
Educación Física (inglés)	
Física e Química	
Música	
Tecnoloxía e dixitalización	
Titoría	
Reforzo de matemáticas	
Reforzo de lingua castelá e literatura	
Só no caso de necesidades educativas e de ser proposto/a polo centro: Accepta a exención da 2ª Lingua Estranxeira? SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> Asinado: _____	

3º ESO	3º PDC
Lingua Galega e Literatura	Ámbito lingüístico social
Lingua Castelá e Literatura	Ámbito científico-tecnolóxico
1ª Lingua Estranxeira - Inglés	Educación Física
Matemáticas	Educación Plástica, Visual e Audiovisual
Xeografía e Historia	Música
Educación Física	Educación en Valores Cívicos e Éticos
Bioloxía e Xeoloxía (inglés)	Titoría
Física e Química (inglés)	OPTATIVAS (escolle unha) <input type="checkbox"/> Educación Dixital <input type="checkbox"/> Cultura Clásica (se a cursas en 3º ESO non podes cursala en 4º ESO) <input type="checkbox"/> Oratoria (se a cursas en 3º ESO non podes cursala en 4º ESO) <input type="checkbox"/> Cultura Financeira
Educación en Valores Cívicos e Éticos	
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	
Música	
Titoría	
OPTATIVAS (escolle unha)	
<input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira -Francés	
<input type="checkbox"/> Educación Dixital	
<input type="checkbox"/> Cultura Clásica (se a cursas en 3º ESO non podes cursala en 4º ESO)	
<input type="checkbox"/> Oratoria (se a cursas en 3º ESO non podes cursala en 4º ESO)	
<input type="checkbox"/> Cultura Financeira	
Escolle unha: <input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)	Escolle unha: <input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto Competencial (traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)

4º ESO

Lingua galega e literatura
Lingua castelá e literatura
Primeira lingua estranxeira - Inglés
<input type="checkbox"/> Matemáticas "A"

<input type="checkbox"/> Matemáticas "B"
Educación Física
Xeografía e Historia (inglés)
Titoría
Escoller unha:
<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto competencial (traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)
Optativas estatais (elixir seis materias por orde de preferencia - cúrsanse tres)
<input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Dixitalización <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Economía e emprendemento <input type="checkbox"/> Formación e Orientación Persoal e Profesional <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Expresión Artística <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Francés <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Italiano <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Portugués
Optativas autonómicas (elixir tres materias por orde de preferencia – Só se cursa unha)
<input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Cultura clásica (se non foi cursada en 3º) <input type="checkbox"/> Oratoria (se non foi cursada en 3º) <input type="checkbox"/> Intelixencia Artificial para a Sociedade <input type="checkbox"/> Opción non cursada do bloque de estatais _____

4º ESO - PDC

Ámbito lingüístico social
Ámbito científico-tecnolóxico
Educación Física
Titoría
Escoller unha:
<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Proxecto competencial (traballo cooperativo e colaborativo e rede para traballar eixos temáticos transversais)
Optativas estatais (elixir seis materias por orde de preferencia - Só se cursa unha)
<input type="checkbox"/> Dixitalización <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Latín <input type="checkbox"/> Economía e emprendemento <input type="checkbox"/> Formación e Orientación Persoal e Profesional <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Expresión Artística <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Francés <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Italiano <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira – Portugués
Optativas autonómicas (elixir tres materias por orde de preferencia – Só se cursa unha)
<input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Cultura clásica (se non foi cursada en 3º) <input type="checkbox"/> Oratoria (se non foi cursada en 3º) <input type="checkbox"/> Intelixencia Artificial para a Sociedade <input type="checkbox"/> Opción non cursada do bloque de estatais _____

4.b.2.- BACHARELATO

1º BACHARELATO – Curso 2023/24

MATERIAS COMÚNS:

- LINGUA GALEGA E LITERATURA I
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS I
- FILOSOFÍA
- EDUCACIÓN FÍSICA

***ATENCIÓN – MOI IMPORTANTE** : En cada apartado dos que seguen, con independencia do número de materias a cursar, débense **marcar 1, 2, 3, ... segundo a orde de preferencia**, por se non fose posible adjudicar a primeira opción elixida. **En caso de non indicar preferencia, asignaráselle outra opción aleatoriamente.**

MODALIDADE CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Obrigatoria:
MATEMÁTICAS I
- Cursaranse **dúas** materias (marcar 1, 2, 3 ...)
 FÍSICA E QUÍMICA
 BIOLOXÍA , XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS
 DEBUXO TÉCNICO I
 TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I

Enumerar por orde de preferencia 1, 2, 3 ... Só se cursa unha materia.

4 horas

- FÍSICA E QUÍMICA
- BIOLOXÍA , XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS
- DEBUXO TÉCNICO I
- TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA
- ANATOMÍA APLICADA
- CULTURA CIENTÍFICA
- ANTROPOLOXÍA
- 2ª LING .ESTRANX.: FRANCÉS I
- 2ª LING. ESTRANX.: ITALIANO I
- 2ª LING. ESTRANX.: PORTUGUÉS I
- LITERATURA GALEGA DO S XX E A ACTUALIDADE
- TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I
- TECNOLOXIAS INTELIXENTES
- LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
- materia doutra modalidade

DISPOSICIÓN DO CENTRO

Elixir **unha materia** de unha hora (marcar do 1 ao 5 por orde de preferencia) **ou** ben a materia de Relixión

- | | |
|--|-----------------------------------|
| <p>1 hora</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUAS CLÁSICAS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CC AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> REFORZO DE 1ª LING. ESTRANX. INGLÉS I <input type="checkbox"/> REFORZO DE 2ª LING. ESTRANX. FRANCÉS I <input type="checkbox"/> REFORZO DE FÍSICA E QUÍMICA | <input type="checkbox"/> RELIXIÓN |
|--|-----------------------------------|

- | | |
|---|--|
| <input type="checkbox"/> REFORZO DE ECONOMÍA
<input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS I | |
|---|--|

A IMPARTICIÓN DAS MATERIAS ELIXIDAS, ESTARÁ CONDICIONADA A QUE HAXA UN NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO E ÁS POSIBILIDADES ORGANIZATIVAS DO CENTRO.

MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obrigatorias (elixir unha) : <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I - Cursaranse dúas materias: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> GREGO I <input type="checkbox"/> HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> LITERATURA UNIVERSAL <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I |
|---|

Enumerar por orde de preferencia 1, 2, 3 ... Só se cursa unha materia.

4 horas

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> GREGO I <input type="checkbox"/> HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> LITERATURA UNIVERSAL <input type="checkbox"/> ECONOMÍA <input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I <input type="checkbox"/> ANATOMÍA APLICADA <input type="checkbox"/> CULTURA CIENTÍFICA <input type="checkbox"/> ANTROPOLOXÍA <input type="checkbox"/> 2ª LING .ESTRANX.: FRANCÉS I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: ITALIANO I <input type="checkbox"/> 2ª LING. ESTRANX.: PORTUGUÉS I <input type="checkbox"/> LITERATURA GALEGA DO S XX E A ACTUALIDADE <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍAS INTELIXENTES <input type="checkbox"/> LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL <input type="checkbox"/> _____ materia doutra modalidade |
|---|

DISPOSICIÓN DO CENTRO

Elixir **unha materia** de unha hora (marcar do 1 ao 5 por orde de preferencia) **ou** ben a materia de Relixión

- | | |
|--|-----------------------------------|
| <p>1 hora</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUAS CLÁSICAS <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I <input type="checkbox"/> REFORZO DE FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CC AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> REFORZO DE HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO <input type="checkbox"/> REFORZO DE 1ª LING. ESTRANX. INGLÉS I <input type="checkbox"/> REFORZO DE 2ª LING. ESTRANX. FRANCÉS I <input type="checkbox"/> REFORZO DE ECONOMÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I | <input type="checkbox"/> RELIXIÓN |
|--|-----------------------------------|

A IMPARTICIÓN DAS MATERIAS ELIXIDAS, ESTARÁ CONDICIONADA A QUE HAXA UN NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO E ÁS POSIBILIDADES ORGANIZATIVAS DO CENTRO.

2º BACHARELATO – Curso 2023/24

MATERIAS COMÚNS:

- LINGUA GALEGA E LITERATURA II
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS II
- HISTORIA DE ESPAÑA
- HISTORIA DA FILOSOFÍA

***ATENCIÓN – MOI IMPORTANTE** : En cada apartado dos que seguen, con independencia do número de materias a cursar, débense **marcar 1, 2, 3, ... segundo a orde de preferencia**, por se non fose posible adxudicar a primeira opción elixida. **En caso de non indicar preferencia, asignaráselle outra opción aleatoriamente.**

OBRIGATORIA DE MODALIDADE (cúrsase unha)	
CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS II <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II	<input type="checkbox"/> LATÍN II <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II

DE OPCIÓN DE MODALIDADE (cúrsanse dúas)	
CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<input type="checkbox"/> BIOLOXÍA <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO II <input type="checkbox"/> FÍSICA <input type="checkbox"/> QUÍMICA <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II <input type="checkbox"/> XEOLOXÍA E CC. AMBIENTAIS	<input type="checkbox"/> EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO <input type="checkbox"/> GREGO II <input type="checkbox"/> HISTORIA DA ARTE <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II <input type="checkbox"/> XEOGRAFÍA

OPTATIVAS (cúrsase unha)
<input type="checkbox"/> MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS <input type="checkbox"/> PSICOLOXÍA <input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA : FRANCÉS II <input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA : ITALIANO II <input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS II <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN II <input type="checkbox"/> XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA <input type="checkbox"/> HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA <input type="checkbox"/> -----MATERIA DE MODALIDADE NON ELIXIDA NO CADRO ANTERIOR

Elixir unha materia de unha hora (marcar do 1 ao 5 por orde de preferencia) ou ben a materia de Relixión	
1 hora <input type="checkbox"/> REFORZO DE FÍSICA <input type="checkbox"/> REFORZO DE QUÍMICA <input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS II <input type="checkbox"/> REFORZO DE MATEMÁTICAS APLICADAS II <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA II <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II <input type="checkbox"/> REFORZO DE HISTORIA DA FILOSOFÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE BIOLOXÍA <input type="checkbox"/> REFORZO DE 1ª LING. ESTRANX. INGLÉS I <input type="checkbox"/> REFORZO DE HISTORIA, XEOGRAFÍA E ARTE <input type="checkbox"/> REFORZO DE LINGUAS CLÁSICAS	<input type="checkbox"/> RELIXIÓN

A IMPARTICIÓN DAS MATERIAS ELIXIDAS, ESTARÁ CONDICIONADA A QUE HAXA UN NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNADO E ÁS POSIBILIDADES ORGANIZATIVAS DO CENTRO.

4.b.3.- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE INFORMÁTICA DE OFICINA

1º Curso

Módulos 1º – (MP3009) Ciencias aplicadas I
Módulos 1º – (MP3011) Comunicación e sociedade I
Módulos 1º – (MP3029) Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
Módulos 1º – (MP3031) Ofimática e arquivamento de documentos

2º Curso

Módulos 2º – (MP3012) Comunicación e sociedade II
Módulos 2º – (MP3016) Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos
Módulos 2º – (MP3019) Ciencias aplicadas II
Módulos 2º – (MP3030) Operacións auxiliares para a configuración e a explotación
Módulos 2º – (MP3033) Formación en centros de traballo

A superación dos estudos de FP Básica dan acceso a Formación Profesional de Grao Medio, e dan a posibilidade de titulación de ESO, coa posibilidade de incorporarse a estudos de bacharelato, polo menos o presente curso.

4.b.4.- CICLO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES.

1º Curso

Módulos 1º - (MP0221) Montaxe e mantemento de equipamentos
Módulos 1º - (MP0222) Sistemas operativos monoposto
Módulos 1º - (MP0223) Aplicacións ofimáticas
Módulos 1º - (MP0225) Redes locais
Módulos 1º - (MP0229) Formación e orientación laboral
Módulos 1º - (MPI996) Lingua estranxeira profesional I - Inglés

4.c.- ESTRUCTURA

A LOMLOE comezou a súa implantación no 22/23 nos cursos impares, e no 23/24 estará implantada en todos eles.

4.d.- ACTIVIDADES

Tendo en conta o destacado papel que concedemos a todas as actividades culturais, deportivas, lúdicas... na formación do noso alumnado, promoverase a súa proposición por parte, tanto dos diferentes Departamentos Didácticos, do Equipo Directivo e dalgúns



outros organismos (Concello de Ames, Cruz Vermella, Xunta de Galicia...), todas elas coordinadas pola vicedirección do centro.

4.e.- SERVIZOS

O centro conta con 9 liñas de transporte escolar, que afectan, aproximadamente ao 50% do alumnado.

Non conta con comedor escolar, pero si cunha cafetaría.

5.- ADECUACIÓN AO CONTEXTO DO INSTITUTO DOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.

O IESP de Ames está situado na vila de Bertamiráns (a 10 Qm. de Santiago de Compostela). Posúe unha ampla diversidade no alumnado, que o dota dunha grande riqueza, tanto persoal como cultural, o que dá pe á realización e participación en moitas actividades extracurriculares (teatro, concursos literarios, olimpíadas, actividades deportivas, intercambios educativos con outros países, visitas culturais...), factores que nos impelen a tratar con esmero e esforzo uns elevados obxectivos de etapa, como se pode comprobar neste PEC, sen perder nunca de vista a atención á diversidade.

A capacidade de traballo e o rendemento do noso alumnado tratarase de que estea encamiñado a que logren un nivel educativo óptimo, poñendo en marcha para aqueles/as que non os alcancen, os reforzos e as adaptacións curriculares oportunas. O nivel de preparación e de esixencia debe ir en consonancia co da sociedade, para conseguir uns rendementos axeitados e afrontar os futuros camiños académicos cunha base sólida , tanto humana como académica.

6.- FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

6.a.- CENTROS ADSCRITOS

Temos tres centros adscritos: CEIP A Mahía, CEIP Agro do Muíño e CEIP Barouta, cos que mantemos unha boas relacións, procurando traballar conxuntamente, sobre todo no que se refire ao Plan de Acollida do alumnado de 6º de Primaria; procurando que a súa incorporación ao IESP sexa o máis fluída e integradora posible.

6.b.- OUTROS CENTROS:

No concello de Ames hai outro IES (IES de Milladoiro), e un centro concertado (Alca) , cos que mantemos relacións, tanto institucionais como de colaboración mutua. O mesmo acontece co IES de Brión, pertencente a outro concello, pero que dista só catro quilómetros do IESP de Ames.

6.c.- UNIVERSIDADE:

O IESP de Ames mantén as mellores relacións coas diferentes facultades da Universidade de Santiago de Compostela, especialmente colaboracións coa Facultade de Psicoloxía. Tamén actuando como centro colaborador na realización do Máster de Profesorado. Temos igualmente unha colaboración coa Universidade de Vigo, que cedeu ao centro unha impresora 3D para o Departamento de tecnoloxía.

6.d.- EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS PARA A FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO DO ALUMNADO DE FP BÁSICA:

Aínda que temos colaboracións puntuais con empresas da zona; a maioría do noso alumnado realiza a FCT na "Aula CMIT" do Concello de Ames. Con todo que o pasado curso ampliamos os lugares de prácticas a empresas de Santiago e Ames; ás que o IESP de Ames agradece o trato e dedicación ó alumnado.

6.e.- COMUNIDADE EDUCATIVA:

En xeral, existen unhas relacións fluídas e frecuentes cos diferentes sectores que compoñen a Comunidade Educativa:

- O profesorado, nas diferentes xuntanzas: Claustro, CCP, reunións de departamento, xuntas de avaliación, Consello Escolar...
- O alumnado por medio das xuntas de delegados e representantes no Consello Escolar.
- A ANPA, con representante no Consello Escolar, recibe familias, profesorado e alumnado os luns pola tarde para información das súas actividades e recollida de suxestións.
- O persoal non docente, co que mantemos un diálogo continuo, e unhas moi boas relacións, que redundan moi positivamente na convivencia no centro. Consideramos inestimable a súa fidelidade e colaboración.

O Consello Escolar serve como base aglutinadora e informativa sobre calquera tipo de aspectos importantes que afecten á marcha do centro, e o equipo directivo facilita as relacións entre os diferentes membros para canalizar os problemas e/ou inxerencias existentes.

Dentro da maior fluidez posible, é necesario que exista diálogo e colaboración entre todos/as, por medio de entrevistas, escritos, reunións...Por tal razón os locais do centro están á disposición dos citados membros para levaren a cabo as actuacións tendentes a unha mellora dos fins educativos.

7.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

Cando outras institucións sen ánimo de lucro cursan solicitudes para utilizar as dependencias do noso centro, por regra xeral, cédenselle (previa solicitude de permiso ante a Xefatura Territorial de A Coruña).

Durante o curso escolar o ximnasio do IESP é utilizado polo Concello de Ames para o desenvolvemento de actividades englobadas dentro das escolas deportivas.

Dous días cada semana, cédese tamén parte das instalacións a ANPA para actividades deportivas organizadas por ela.

8.- DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS.

Están elaborados os seguintes documentos organizativos que complementan este Proxecto Educativo de Centro:

- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (NOF)
- PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN LECTOR

9.- PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E DOS DOCUMENTOS QUE DEL DEPENDEN.

As propostas de modificación do Proxecto Educativo e dos documentos que del dependen, serán presentadas polos diferentes sectores da comunidade educativa (profesorado e equipo directivo, alumnado, persoal de administración e servizos e familias), dentro dos seus ámbitos de competencia, para debate e aprobación nos seus órganos.

Corresponde ao Director/a do centro a aprobación final das modificacións propostas unha vez oídos o Claustro e o Consello Escolar. As modificacións serán publicadas na web do centro.